

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE E A REAL ACADEMIA DE FARMACIA DE GALICIA. POLO QUE SE INSTRUMENTA A SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS NO ÁMBITO DO ESTUDO E DA INVESTIGACIÓN DAS CIENCIAS FARMACÉUTICAS

REUNIDOS

Dunha parte D. Antonio Gómez Caamaño, conselleiro de Sanidade, en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, de conformidade co Decreto 144/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, así como no establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, na Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento, así como na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

E doutra D. Ángel Concheiro Nine, actuando en nome e representación da Real Academia de Farmacia de Galicia (CIF: Q1500377E) na súa condición de presidente da citada institución, con NIF33202470S, (no sucesivo RAFG) en uso das atribucións que lle confiren os seus estatutos

MANIFESTAN

I. Que, de acordo co artigo 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en diante LESUGA), os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións nominativas previstas na Lei anual de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

II. Que no capítulo IV do estado de gastos dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2025 figura recollida unha subvención nominativa a favor da RAFG por un importe trinta mil euros (30.000 €) con cargo á partida orzamentaria 1201.411A.481.2 (proxecto 202400066).

III.- Que a Consellería de Sanidade é o órgano da Administración autonómica responsable da superior dirección e control do desenvolvemento das funcións e competencias que, en materia de sanidade, lle corresponden á Xunta de Galicia de acordo co establecido nos artigos 27.23º, 28.8º e 33 do Estatuto de Autonomía para Galicia, aprobado mediante a Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril.



IV.- Que consonte aos seus estatutos, aprobados mediante o Decreto 156/2004, do 1 de xullo e modificados en virtude do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 07.11.2019 (DOG nº 224, do 25/11/19), a RAFG é unha corporación de dereito público que ten entre as súas finalidades o fomento da investigación e o estudo das ciencias farmacéuticas e das relacionadas coa farmacia e, nomeadamente, daqueles aspectos que teñan especial interese para Galicia; o asesoramento aos organismos e entidades públicas naqueles campos que lle son propios; a divulgación científica e a formación permanente dos profesionais da farmacia; a difusión social das ciencias farmacéuticas; así como a realización doutras actividades que lle sexan encomendadas ou delegadas, directamente relacionadas cos fins da real academia.

A RAFG atópase inscrita co número 2004/6 no Rexistro Xeral de Academias de Galicia, tal como se exige no Decreto 392/2003, de 23 de outubro que regula o exercicio pola Comunidade Autónoma de Galicia das competencias en materia de Academias de Galicia.

V.- Que, consonte o previsto no artigo 2 do Decreto 156/2004, de 1 de xullo, polo que se acorda a creación da Academia de Farmacia de Galicia (hoxe Real Academia de Farmacia de Galicia), a institución quedou adscrita á Consellería de Sanidade, correspondéndolle a esta o exercicio das funcións determinadas no Decreto 392/2003, do 23 de outubro, que no seu artigo 7 establece que as Academias de Galicia, ademais das funcións previstas nos seus estatutos, terán a consideración de órganos asesores da Xunta de Galicia, nos termos previstos nos seus estatutos e na normativa vixente en cada materia.

VI.- Que segundo declaración responsable da RAFG esta non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

VII.- Que, por todo o exposto, ambas as dúas partes consideran preciso cooperar, así como o apoio e fomento da Consellería de Sanidade á RAFG.

En consecuencia, ambas as dúas partes acordan formalizar este convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira- Obxecto

Este convenio ten por obxecto instrumentar a subvención prevista nominativamente na Lei 4/2024, de 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para





o ano 2025, a favor da RAFG, co fin de financiar as actuacións que esta realice para contribuír ao estudo e á investigación das ciencias farmacéuticas, a través de accións e actividades científicas que ten recoñecidas nos seus estatutos e que leva a cabo en beneficio do interese xeral.

Segunda.- Compromisos das partes

A RAFG e a Consellería de Sanidade adquiren, en virtude deste convenio, os seguintes compromisos:

a) A RAFG:

1º Contribuír ao progreso e á difusión do coñecemento das ciencias farmacéuticas entre os profesionais sanitarios, así como contribuír á educación socio-sanitaria da poboación en xeral.

Con tal fin, desenvolverá as accións e actividades científicas que compoñen a súa programación anual e, en concreto, as seguintes:

- Sesións científicas, ordinarias e extraordinarias, nas cales participarán hospitais, universidades e outras reais academias, así como outras institucións. Dentro deste apartado inclúese a divulgación das actividades a través da páxina web, a retransmisión en directo de sesións de especial relevancia social, a realización de congresos e simposios, de carácter nacional ou internacional, así como a convocatoria de premios de investigación.

- Publicacións que contribúan ao incremento e á catalogación do patrimonio arquivístico-bibliográfico no eido sanitario, ademais das preceptivas "Memorias Anuais", e da edición dos "Discursos de Ingreso" dos seus membros.

- Exposicións.

- Outras actividades, como mesas redondas, sesións de intercambio con outras institucións colexiais e reais academias, ciclos e conferencias divulgativas, actividades en centros escolares ou de formación en materias relacionadas coa saúde e a prevención, etc.

Dado o interese público, social, humanitario e económico das actividades obxecto deste convenio, e o seu carácter singular inherentes á propia existencia da Real Academia de Farmacia de Galicia segundo se recollen nos seus estatutos, non procederá a realización de convocatoria pública.





2º Citar a colaboración da Consellería de Sanidade naquelas das súas actividades que encaixen no ámbito deste convenio.

3º Consensuar coa Consellería de Sanidade toda publicación, informe ou estudo que se realice coa actividade conveniada e achegar no prazo que se determine na comisión mixta de seguimento do convenio os exemplares que a Consellería de Sanidade lle demande

4º Facilitar o uso das súas instalacións ao persoal da Consellería de Sanidade ou do Servizo Galego de Saúde, cando estes o requiran para realizar actos de divulgación de interese sanitario.

5º Presentar, con carácter previo ao primeiro pagamento, unha declaración do conxunto de todas as solicitudes de subvención efectuadas ou concedidas para o mesmo proxecto ou actividade ante as administracións públicas competentes ou doutros entes públicos.

Sen prexuízo disto, cómpre sinalar que a obtención desta subvención é compatible con outras axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais e internacionais, coa limitación prevista no artigo 17.3 da LESUGA.

6º Enviarlle á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade a documentación xustificativa legalmente exixida para obter o pagamento da cantidade prevista neste convenio. En todo caso, e sen prexuízo de que a Consellería de Sanidade lle poda requirir calquera documento que considere necesario para a debida xustificación da axuda concedida, entre esta documentación deberá constar necesariamente a seguinte:

1. Orixinais ou copias compulsadas dos xustificantes de gastos ocasionados no desenvolvemento das accións e actividades acordes coas funcións da RAFG, así como dos pagamentos realizados.
2. Declaración das actividades realizadas e financiadas co presente convenio con indicación do custo repercutido para a entidade.
3. Certificación da RAFG onde se faga constar que os gastos que se xustifican se ocasionaron no desenvolvemento de actividades obxecto deste convenio.

7º Facilitar toda a información que lle sexa requirida no exercicio das súas funcións de control, á Consellería de Sanidade, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, así como



aos órganos que, de acordo coa normativa comunitaria teñan atribuídas funcións de control financeiro. Así mesmo, deberá de cumprir co resto de obrigas que establece o artigo 11 da LESUGA.

8º Adherirse ás políticas de austeridade, eficiencia e mellora da Xunta de Galicia.

9º Ao finalizar o ano, presentar unha memoria das actividades realizadas.

b) A Consellería de Sanidade:

1º Achegar a cantidade de trinta mil euros (30.000 €), con cargo a aplicación orzamentaria 1201.411A.481.2 (proxecto 202400066) prevista nominativamente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

O pagamento desta subvención farase efectivo antes do 30 de decembro de 2025, previa presentación das xustificacións dos gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2025, nos termos establecidos nos artigos 28 e seguintes da LESUGA e 44 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia. Para tal efecto, e de conformidade co previsto no artigo 31.6 da citada lei, realizaranse pagos fraccionados que respostarán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada.

2º Controlar a realización da actividade conveniada coa RAFG, para o que poderá formularlle as obxeccións que estime pertinentes ao respecto.

Terceira.- Establecemento dunha Comisión Mixta de Seguimento

Para o bo desenvolvemento das actividades obxecto do convenio establecerase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por representantes de cada unha das institucións á que corresponderá a concreción, seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas deste convenio.

Forman parte desta comisión as seguintes persoas:

- Por parte da Consellería de Sanidade a persoa responsable da Vicesecretaría Xeral e a persoa titular da subdirección xeral do Servizo Galego de Saúde competente en materia de farmacia, ou persoas en quen deleguen.

- Por parte da RAFG , o Presidente e a Secretaria, ou persoas en quen deleguen.



A Comisión de Seguimento terá, sen prexuízo do establecido no artigo 49 f) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público respecto das funcións do órgano de vixilancia e control, as seguintes funcións:

1. Seguir, interpretar e avaliar as accións derivadas do convenio.
2. Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.

Cuarta.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición deste convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que realicen as actividades obxecto deste convenio e a Consellería de Sanidade e a RAFG, de tal xeito por este concepto non se poderá esixir responsabilidades nin directas nin subsidiarias, polos actos acaecidos no su desenvolvemento.

Quinta.- Dereitos de uso e propiedade industrial e intelectual

Os dereitos de propiedade intelectual e industrial sobre as creacións resultado deste convenio, son titularidade conxunta da Consellería de Sanidade e a RAFG agás naqueles casos en que a Comisión Mixta de Seguimento do convenio aprecie debidamente que a titularidade deba permanecer en terceiras persoas, consonte á legalidade vixente.

Cada parte necesita a autorización expresa da outra para editar, representar, gravar e reproducir audiovisual, informaticamente, ou por calquera outro medio, formato ou soporte, o resultado e dos materiais froito do desenvolvemento do proxecto.

Sexta.- Réxime xurídico e resolución de conflitos

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase polo disposto nas súas cláusulas e, no seu defecto, pola LESUGA e polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, pola lexislación en materia de contratos das administracións públicas, polas demais normas de dereito administrativo e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.



Sen prexuízo do disposto na normativa autonómica aplicable, as cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento deste convenio de colaboración, que non podan ser resoltas no eido da Comisión Mixta de Seguimento, serán de coñecemento e da competencia da orde xurisdiccional do contencioso- administrativo.

Sétima. Publicidade do convenio

De conformidade co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno, coa Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso á Administración Autonómica, para incluír e facer públicos os datos, e calquera outras especificacións, referidos ao convenio nos Rexistros de Convenios da Xunta de Galicia, polo que a Consellería de Sanidade dará publicidade deste convenio na súa páxina web oficial e no rexistro público de axudas, subvencións e convenios e incluírá no rexistro público de sancións aquelas que se puideran impoñer como consecuencia do seu desenvolvemento.

Oitava.- Consentimento das partes en materia de protección de datos.

As persoas asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que aparecen neste e mailo resto de especificacións nel contidas poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

As partes asinantes manifestan que coñecen e que cumprirán as estipulacións relativas á protección de datos persoais establecidas no Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

As partes adoptarán as medidas de seguridade precisas para que toda persoa que interveña na organización e o desenvolvemento das actividades derivadas deste convenio:

- 1º Respecten o deber de confidencialidade en relación cos datos persoais que sexan manexados no exercicio das competencias derivadas deste convenio.
- 2º Se limite na medida do posible o acceso aos datos de carácter persoal.



3º Se traten os datos persoais exclusivamente para a finalidade prevista neste convenio.

Así mesmo, as partes asumen a obriga de non ceder os datos de carácter persoal a terceiros, salvo nos casos en que exista unha obriga legal.

Novena.- Modificación, denuncia e resolución do convenio

1. As partes poderán modificar ou resolver este convenio en calquera momento por mutuo acordo. Así mesmo, poderán denunciálo en calquera momento por vontade expresa de calquera das partes cun aviso previo de quince días naturais.

Serán causa de resolución, coa conseguinte obriga de reintegro total ou parcial das cantidades percibidas, as seguintes:

- a) O incumprimento de calquera das obrigas contraídas neste convenio, o incumprimento total ou parcial das súas cláusulas, ou a alteración esencial do seu contido. Neste suposto será de aplicación
- b) A obtención das cantidades previstas sen reunir os requisitos esixidos no convenio ou os esixibles segundo a normativa aplicable.
- c) O mutuo acordo de ambas as dúas partes. Neste caso, aboaranse os gastos xustificadas durante a vixencia do convenio, sempre que resultan debidamente xustificadas.

2. Nos supostos previstos nas alíneas a) e b) do parágrafo precedente será de aplicación a obriga de reintegro prevista no artigo 37 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Décima. Vixencia.

Este convenio estenderá a súa vixencia dende a data da sinatura por todas as partes ata o 31 de decembro de 2025, salvo denuncia de calquera das partes antes do seu termo.

Este convenio de colaboración obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose todas as partes ao acordado en todas as estipulacións e como proba de conformidade asíñase na data indicada na respectiva sinatura electrónica.

POLA CONSELLERÍA DE SANIDADE

POLA REAL ACADEMIA DE
FARMACIA DE GALICIA

Antonio Gómez Caamaño

Ángel Concheiro Nine

